

## BORDADORA

### 1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

#### 1. Nomenclatura do oficio

Bordadora

#### 2. Outras denominacións

Encaixeira de bordado

#### 3. Outras ocupacións do sector

Palilleira, pasamaneira, alfombreiro, tapiceiro, tecedor, decorador de telas,

#### 4. Área ou sector ao que pertence

Téxtil, industria da confección e da peletería

#### 5. Adscrición á clasificación CNAE

13.9. Fabricación de outros produtos téxtiles

#### 6. Descrición sintética do oficio artesán

A bordadora é a profesional que realiza diferentes tipos de bordado, entre o que destacan os matizados, calados, vainicas, punto de cruz, etc. É aquela que con pedrería aplica traballos sobre vestimentas, e, tamén quen só con agulla e fío fai encaixes.

#### 7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Pespunte
- ◆ Recheo
- ◆ Pasado
- ◆ Perfilado
- ◆ Encaixe
- ◆ Aplicación pedrería
- ◆ Desfiañado

## 2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

### 1. Fases do proceso

#### 1. Fase I. Deseño da peza.

- ◆ Nesta fase conceptualízanse os aspectos estéticos, técnicos e funcionais do produto a crear, baseándose no coñecemento das tendencias do mercado así como das técnicas do proceso produtivo, a través da realización dun bosquexo da peza. A partir do bosquexo, débúxase un plano a escala do obxecto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas, tesoiras).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante-delineante


#### 2. Fase II Configuración da peza.

- ◆ Nesta fase trasládase o debuxo da plantilla ao lenzo realizando a continuación o calado ou eliminación de fíos. O seguinte paso é a realización do bordado ben con sedas naturais ou con fío de ouro sobre o bastidor. Este bordado é recortado e pegado a festón sobre o lenzo, festoneando o contorno. A continuación realízase o cuaje ou fardo do calado para terminar rematando a peza. As pezas xa están elaboradas e rematadas. Sintetizando as tarefas a realizar son: respunte, recheo, pasado, perfilado.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: bastidor, tesoiras, fuso, agullas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: encaixeira-bordadora, auxiliar de encaixeira.

#### 3. Control de calidade.

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. O primeiro control realízase sobre a materia prima unha vez que foi obxecto de transformación co fin de comprobar o seu estado correcto e apto para a súa utilización. O segundo efectuarase sobre a peza xa rematada e decorada co fin de detectar pezas defectuosas tanto na súa configuración, como acabado, adxudicando finalmente calidades ao produto final. O produto xa está listo para a súa venta directa ou transporte ao punto de venda.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

## 2. Síntese do proceso



## 3. Técnicas utilizadas

- Aplicacións. Bórdase fóra da peza e posteriormente cócese, recórtase e, ou, aplícase xa feito sobre tea.
- Bordado con “abelorios”. Vanse bordando sobre o tecido.
- Bordado ao pasado. Cando todo o debuxo das figuras está completamente bordado, neste caso está rodeado de vainicas.
- Bordado tradicional. Encadra diferentes tipos de bordado segundo as poboacións onde se traballe.
- “Canutillos”. Vanse bordando sobre o tecido.
- Dourados.
- Festón. Emprégase para adornar bordes, facer presillas, ollais,...
- Matizado. Ten por obxecto cubrir a tramos todo o debuxo, con fíos de cores, para darlle ao traballo máis vistosidade e variedade e levantar o bordado máis á vista para realzalo
- Perlas . Vanse bordando sobre o tecido.
- Punto noruego. Con motivos xeométricos, que encadran nunha superficie calada, que logo será bordada, ademais de festoneada.
- Vainicas. Extráense fíos da tea e logo remátanse formando calados .Aplicacións.

## 4. Instrumentos de traballo

### 1. Útiles e ferramentas

- Agullas
- Alfinetes
- Bastidor
- Bolillos
- Dedais
- Fíos
- Punzón

- Teas
- Tesoira

## **2. Equipos e máquinas**

- Máquina de coser

## **5. Contorna de traballo**

### **1. Lugar e espazo de traballo**

Domicilio ou outros ámbitos preparados para labor. Requírense boas condicións de iluminación e espazos adecuados.

### **2. Ambiente e condicións de traballo**

O traballo soe darse en condicións atmosféricas de interior, pero tamén se pode dar en exterior (mostras, exposicións, locais públicos,...).

## **3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS**

### **1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.**

- Teas de liño, algodón, fío, semifío, etc. Algunhas destas materias localízanse en zonas como Zas, Ourense, etc.
- Fíos de algodón, seda,... En varias ocasións tinguidos e estampados.

## **4. PRODUTOS FINAIS**

### **1. Principais tipos de produtos que realizan**

- Prendas de vestir: vestidos, camisas, traxes, abrigos, pantalóns...
- Lencería do fogar: toallas, roupa de cama, lenzos de mesa...

## **5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO**

Non se contemplan.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

